



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es
CIF: P-1501200-H

ASUNTO: Nomeamento integrantes da mesa de contratación permanente do Concello de Boqueixón.

Antecedentes

27.06.2023. Decreto da alcaldía núm. 392/2023 onde o alcalde delega na Xunta de Goberno local a aprobación e resolución dos expedientes de contratación de toda clase (obras, subministros, xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada nesta letra.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

Primeira: A Disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, regula no seu apartado 7º as mesas de contratación, establecendo a súa composición que terá que publicarse no perfil do contratante do órgano de contratación correspondente e admitíndose a posibilidade de constituír mesas de contratación permanentes.

De tratarse dunha mesa de contratación permanente ou atribuírselle funcións para unha pluralidade de contratos, a súa composición terá que publicarse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (artigo 21.4 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público

Lei 7/1985, do 18 de abril, reguladora das bases do réxime local

Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Avocar a competencia da Xunta de Goberno Local para designar ós integrantes das mesas de contratación dos expedientes de contratación delegados na Xunta de Goberno Local por Resolución da Alcaldía núm. 392/2023 de data 27.06.2023.

Motívase a avocación na necesidade de designar os membros da mesa para poder publicar no perfil do contratante das licitacións que se deben tramitar e valorar con urxencia.

Segundo.- Designar ós integrantes da mesa de contratación nas que o órgano de contratación sexa a Alcaldía e pola súa delegación a Xunta de Goberno Local:

Presidente: Angela Conde Leis – Concelleira de servizos sociais e igualdade

Suplente: Manuel Fernández Munín – Concelleiro de servizos e obras

Secretario: Juan Manuel Corral Sánchez – Funcionario do Concello de Boqueixón – Administrativo de obras e servizos

Suplente: María Victoria Negrín Blanco- Funcionaria do Concello de Boqueixón – Técnica de Formación Ocupacional

1 Vogal:

Titular: Dalmiro Nuñez Méndez – Secretario – interventor do Concello de Boqueixón – Funcionario de habilitación nacional

Suplente: realizarase conforme á normativa reguladora do réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional

2 vogal:

Titular: Anselmo Caeiro Vilar – Funcionario do Concello de Boqueixón – Xefe do Negociado de Intervención

Suplente: Juan Manuel Freiría Brey – Funcionario do Concello de Boqueixón – Técnico de Urbanismo

3 Vogal:

Titular: Adela Lamela Arteaga – Funcionaria do Concello de Boqueixón – Xefa de Negociado de Secretaría

Suplente: Pilar Pazos Santasmarinas – Funcionaria do Concello de Boqueixón – Auxiliar de Urbanismo

Terceiro.- Notificarles esta resolución aos interesados coa indicación de que a mesma ponlle fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación, segundo dispoñen o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 52.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tamén poderá interpoñer contra esta resolución un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

En todo caso poderá utilizar calquera outro recurso que estime oportuno.

Cuarto.- Publicar esta resolución no perfil do contratante do Concello de Boqueixón

Quinto.- Darlle conta desta avocación á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se realice.

Sexto.- Darlle conta desta resolución ó Pleno do concello na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Boqueixón, na data da sinatura dixital

Ovidio Rodeiro Tato, alcalde – presidente

Dalmiro Nuñez Méndez, secretario – interventor